

CARTA ABERTA A MANOLO RODRÍGUEZ

Amigo Manolo, o 13 de decembro do dous mil catorce mandábache desde Galicia Dixital unha carta con motivo do teu oitenta cumpreanos. Sei que a recibiches, porque me contestaches por boca do teu fillo Santiago, acórdaste? Pregúntocho porque eu xa case non me acordaba. Fíxate como son as cousas: Cando eu estaba cun pé aquí e outro aló, por remates de abril e primeiros de maio deste 2015 faloume Xulio Xiz unha colaboración prá Web que se creou na túa honra dicíndome que querían pechar pra botala a andar. A miña resposta foi:

-Estouche bon eu pra colaboracións. Pechádea sen min aínda que o sinto. Se cadra logo me xunto con el.

Non sei se Xiz o fixo por disimular ou se non sabía ben como me atopaba, o caso é que me dixo:

-Pois queda aberta e escribes cando poidas.

Grazas a Deus xa puideron antes de hoxe, pero ben sabes, amigo, como son as cousas por aquí abaixo: fóxeche o tempo coma a auga por entre os dedos. Aí ten que ser ben diferente e ata creo que aí o tempo xa non conta. Hai uns días volveu o mesmo Xiz, que xa nos puxera en contacto aló polo 1979, a escribirme textualmente: “Agora que estás nunha frase ben produtiva, recórdoche o tema do ESPECIAL MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, 25 ANOS DESPOIS, para que me mandes a túa aportación en canto poidas. Apertas” comecei a darlle voltas ó asunto e quería empezar dicindo: “Parece que aínda foi onte”, pero o caso é que me soaba ter comezado xa así algún outro escrito. Púxenme a ferrexar no “Buscar” da memoria histórica do ordenador e atópome coa sorpresa de que o escrito que comezara así foi aquela carta que che mandei por un anxo da garda en viaxe de retorno o 13 de decembro. Non sei a túa, pero a miña memoria xa non che é o que foi. Cousa dos anos e da televisión que nos mete arquivos infectados de virus que destrúen parcialmente o disco duro dos miolos.

Ben. Pois mira, Manoliño, pra que traballar tres veces, non? Vou aproveitar parte daquela carta; porque, se xa non me acordaba eu que fun quen a escribiu, menos se acordarán outros que a puideron ler ademais de ti, non che parece? É a mesma técnica que aplicaba nas predicacións. Poñíame a pensar, poñamos por caso: Que prediquei o ano pasadas o xoves de Ascensión que agora é domingo? Maldito se me acordo! Pois se non me acordo eu que fun quen o dixo, como se han de acordar os que me oíron mentres pensaban nas súas cousas? E, volvía a predicar o mesmo do ano anterior. Perdoa, que ás veces tamén se me vai algo cabeza. Quería dicir que, se cadra, o que escriba pró especial tamén vale prá web. Deixar a ver que me din.

Pois si, parece que aínda foi onte cando te nos fuches e aló van xa 25 anos. Claro, fúcheste a modiño, coma sempre, como tendo medo a molestar. Ata falabas baixiño coma a túa (e ti dela) Irene, pero non era por apoucamento, senón por educación, que ti berrar sabías, e facíalo coa pluma denunciando entre outras cousas denunciabes as inxustizas cometidas co rural galego e en xeral coa nosa terra. Centella se sabías! Madia levabas a saber e máis ben! Coa poesía, como dixo un poeta do que non recordo o nome metíaslle a cada palabra toda a carga de enerxía que se lle pode meter a unha palabra.

Parece que aínda foi onte cando aló na alúmina, despois de dar un repaso ó problemas da contaminación de flúor e ó mesmo tempo da necesidade de industrialización, e ante un cabreo meu por ver a pouca defensa do noso que facían algunhas autoridades e a pouca axuda que prestamos algún curas á hora de gañar o “pan de cada día” na propia terra. ti dixéchesme:

-José Manuel, aunque che guste algunha moza, sigue de cura, home, que nos fan falta curas comprometidos e que lle axuden a Dios a falar en galego.

Non tiven tempo a contarcho, Manolo, pero cóntocho agora. Eu tampouco fun tan comprometido como debera, pero cando lle contei este teu consello a un compañeiro díxome:

-Mira con quen andas, que ese o que quere é que te botes de cura e deixes todo.

Mireino de esguello e só lle respondín:

-Pampo! Ti miras pró dedo e non prá estrela que o dedo sinala. Non ves que non insiste na moza senón no compromiso coa terra e co evanxeo?

Parece que aínda foi onte cando viaxou con nós, porque xa era teu amigo e confiaba moito en ti, don Anxel Fole á Veiguiña, visitar os Quiroga e conseguimos que nos contase como lle caeu un cachafús das mans en tempos da guerra cando estaba acubillado na casa dos outros Quiroga de Hospital do Incio e quedou só na casa. Sentiu petar á porta, si señoor, pensando que eran os atracadores, colleu o cachafús, si señoor, foi abrir treméndolle a man, si señoor, e nisto que se atopou cun coñecido e alá vai o chachafús de cinco tiros! Si, señoor!

Parece que aínda foi onte cando o trouxemos ó monte da Escrita ou do Sagrado Corazón de Santa Locaia e lle dixemos:

-Está vostede pisando moi probablemente o Monte Medulio.

El moi escéptico dixo, fincando ambos brazos na inseparable caxata:

-Si, señoor, o monte Medulio...

Ti animáchesme a seguir argumentando, porque me parece que xa estivéramos alí con Irene, a túa muller, cun sobriño e con Santi que facía de fotógrafo e case vos convencera. El puxo meirande atención, deulle media volta á pucha no curuto da cabeza e rematou a miña perorata cun:

-Si, señoor, o Monte Medulio?

Ó ver que se ía abrandando acelereime e seguín en son de arenga, acórdaste? Ata que el, dando un cachabazo no chan sentenciou:

-SI. SEÑOOR, O MONTE MEDULIO!

Naquela viaxe paréceme que foi na que nos deu a súa definición de baluro, como derivación de paluro e este, habitante dos palafitos das cidades lacustres das lagoas de Caque en Castro de Rei, ou de Vería en Cospeito ou de calquera das moitas da Terra Chá que non lembran de cando esta Chaira foi toda ela era un calmoso mar.

Lembras, Manolo, como te rías ó escoitar a resposta de D. Anxel cando quixeron meterse con el en El Progreso dicíndolle que quería pasar por anticlerical, pero era amigo do cura de Castro de Rei? Vou volver a contala, porque tamén a min me fixo graza e ó mesmo tempo deume que pensar. Pois respondeu:

-Si, señoor... si, señoor. Ese cura non é cura! Si, señoor. E foise cos dous dedos mata piollos metidos no chaleco a altura da sisa e a cachaba colgada do antebrazo.

Moi ben o temos pasado aínda que non tivemos moito tempo para estar xuntos, eh? Pero pasamos anos sen coñecernos nin ser amigos e despois, ata hoxe, non deixamos de selo, nin entre nós nin coa túa familia. Isto xa o escribín non hai moito, pero gústame repetilo.

Como segue don Anxel? Segue fumando aí e sacudindo a cinza na manga esquerda da chaqueta? Supoño que entre os dous teredes ós anos engaiolados contándolles historias, porque ambos sodes bos narradores. Pero, ademais, seica lles gusta moito a poesía. Non te esquezas de darlle saúdos a Fole, eh. Se cadra xa non se acorda de min, pero eu del non me esquezo e fardo de terme codeado con el. Como fardo de que don José Trapero, tamén gran amigo teu, me chamase ruliño. Recordo moitas cousas de don

Anxel, pero hai unha especial da que ti tamén fuches testemuña e che deu que pensar, cando me dixo:

-Admíroo, si, señoor, e gustaríame ter fe coma vostede.

Unha cousa é predicar detrás dun altar e outra é poñerse diante.

Pensei a resposta e moi humildemente contesteille o que hoxe volvería a responderlle:

-Tamén eu o admiro a vostede, Don Anxel, porque vostede segue buscando e en cambio eu xa parei, sen estar moi seguro de se encontrei. Parécelleme que a fe é busca continua por entre a brétema e non seguridades absolutas. Se Deus nos dá a luz pra buscar xa nos dá moito. Non ve como Abraham, o pai dos crentes, tivo que poñerse tamén a buscar?

Ti eras crente, amiguiño, pero asentiches co cabeza e el por todo comentario só farfullou en son moi baixo:

-Si, señoor...

Agora ambos, tan amantes os dous da palabra, estades na LUZ feita Palabra.

De ti aínda falamos estoutro día o grupo de teatro “Os Baluros”. Todos recordamos o ben que nos trataches cando fomos, gazas tamén a ti, coa obra de teatro “Vaise pechar outra casa máis” ó Centro Galego de Barcelona e a Hospitalet. Nunca a obriga che poderemos pagar, pero agradecemos moito, porque colaboraches a que uns labregos, temerosos de que se vaian pechando as nosas casas que aínda non se pecharon, nos sentísemos importantes.

E vou ter que deixarte, amigo, porque me están chamando pra cear e ti tamén has ter que facer. Así que, ata por aí pola Vida e non te me esquezas de gardarme un sitio non lonxe de ti a non ser que teñas outros compromisos de meirande importancia. De calquera maneira, xa buscaremos xeito de botar algunhas parrafeadas, que pra daquela, Deus mediante, hei ter recuperada a larinxe e máis as cordas vocais.